



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# **Lectura e análise lingüística de textos galegos antigos**

Xavier Varela Barreiro

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Xavier Varela Barreiro

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

## 1. DESCRICIÓN DA MATERIA

**Nome da materia:** Lectura e análise lingüística de textos galegos antigos

**Código:**

**Tipo:** Optativa

**Titulación:** Grao en Lingua e Literatura Galegas

**Curso:** 3º

**Cuadrimestre:** 2º

**Créditos:** 6 ECTS

**Lingua en que se imparte:** galego

**Profesores:** Xavier Varela Barreiro ([xavier.varela@usc.es](mailto:xavier.varela@usc.es)) (despacho 216)

**Titorías:** Xavier Varela Barreiro (martes: 18:00-19:00; venres: 10:00-15:00)

**Sentido da materia na titulación:** A *Lectura e análise lingüística de textos galegos antigos* é unha das oito materias do Módulo Optativo de Lingüística e Literatura Galegas. Nel forma bloque lingüístico coas materias *Onomástica galega*, *Planificación e normalización lingüística do galego* e *Lexicografía e terminografía galegas*. Dentro deste módulo optativo representa, xuntamente coa *Onomástica*, a liña da diacronía e abórdaa na súa integridade a través dos textos escritos das épocas medieval e moderna. Está concibida como prolongación formativa das materias lingüísticas diacrónicas do Maior (*Historia da Lingua Galega*, *Fonética e Fonoloxía Históricas do Galego* e mais *Morfosintaxe Histórica do Galego*) e supón un importante reforzamento do coñecemento globalizado (lingüístico e tamén literario) das nosas obras antigas no fío da súa produción e transmisión.

## 2. OBXECTIVOS DA MATERIA

- Ofrecer unha breve panorámica da produción escrita en galego no decorrer da Idade Media e da Idade Moderna.
- Alcanzar as competencias necesarias para a lectura destas obras directamente sobre o orixinal ou a súa reprodución facsimilar.
- Como paso previo á análise lingüística, alcanzar unha competencia mínima que permita realizar a transcripción paleográfica de textos destes dous períodos e, a partir dela, fixar unha proposta de edición interpretativa.
- Reforzar os coñecementos de lingüística histórica galega.
- Consolidar os coñecementos e as técnicas do comentario lingüístico de textos medievais e modernos, realizado sobre a preparación previa de edicións

diferenciadas e orientadas á especificidade dos distintos niveis de análise lingüística (gráfico-fonético / morfolóxico, sintáctico e léxico).

### 3. COMPETENCIAS

- Competencia para a lectura de obras medievais e modernas directamente sobre o orixinal ou a súa reprodución facsimilar.
- Competencia para o recoñecemento das coordenadas cronolóxicas de textos galegos de calquera das épocas pretéritas.
- Competencia mínima para a realización da transcripción paleográfica de textos destes dous períodos e, a partir dela, fixar unha proposta de edición interpretativa.
- Competencia nos coñecementos e as técnicas do comentario lingüístico de textos medievais e modernos.
- Competencia para o recoñecemento das peculiaridades gráficas e lingüísticas (fonéticas, morfosintácticas, léxicas) de cada período da historia da lingua galega en calquera texto que se someta ao seu estudo filolóxico.

### 4. CONTIDOS

I. Introducción metodolóxica ao comentario filolóxico e lingüístico de textos

II. Apartados propios do comentario

1. O texto proposto e o seu contido
2. O marco histórico (autor, obra, ámbito cultural, ámbito literario, ámbito cronolóxico, ámbito xeográfico...)
3. A reprodución facsimilar e as edicións paleográfica e interpretativa do texto
4. A lingua do texto:
  - a.- Aspectos etimolóxicos
  - b.- Aspectos grafemáticos
  - c.- Aspectos fonéticos e fonolóxicos
  - d.- Aspectos morfolóxicos
  - e.- Aspectos sintácticos
  - f.- Aspectos léxicos
  - g.- Aspectos literarios

III. Tipoloxía e periodización dos textos:

*Idade Media*

A. Obras de creación:

- 1.- Verso (séc. XII: *Descort*) (séc. XIII: *Cantigas de Santa María*, *Cantiga de Valcavado*, *Us Castellans*) (sécs. XIII-XIV: *Lírica profana*) (sécs. XIV-XV: *Cancioneiro galego-castelán*).
- 2.- Prosa: (a) literaria e técnica (séc. XIII: rúbricas e pauta das *Cantigas de Santa María*) (séc. XIV: *Arte de trovar*, rúbricas da *Lírica profana*); (b) documental (sécs. XIII-XVI: documentación notarial).

B. Obras de tradución (prosa):

- 1.- Do castelán (sécs. XIII-XV: fragmentos das *Partidas*) (séc. XIV: *Crónica galega*, *Xeral Historia*, *Foro Real*, *Flores de dereito*, *Glosas de textos legais*, *Ordenamento de Alcalá de Henares*, *Crónica troiana*, *Historia troiana*).

- 2.- Do latín (séc. XV: *Miragres de Santiago, Tratado de alveitaría, Crónica de Santa María de Iria*).
- 3.- Do francés (séc. XIV: *Livro de Tristán*).

#### *Idade Moderna*

1. Sécs. XVI-XVII: *Cartas ao conde de Gondomar* (prosa epistolar), *Historia de don Servando* (prosa pseudohistórica), *Contenda dos labradores de Caldelas* (teatro).
2. Séc. XVIII: Sarmiento: *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* (verso), *Romance de María Francisca de Isla y Losada ao Cura de Fruíme* (verso).

## **5. BIBLIOGRAFÍA**

### 1. Comentario filolóxico de textos

#### 1.1. Obras específicas de Comentario filolóxico

##### 1.1.1. Metodoloxía

Bustos Tovar, J. J. de (1990): "Comentario lingüístico de textos y análisis filológico. Algunas precisiones metodológicas", in Homenaje al profesor Lapesa. XI curso de lingüística textual (Murcia, 25-29 abril 1988). Murcia: Universidad de Murcia, pp. 93-107.

#### 1.1.2. Obras de aplicación a linguas concretas

##### 1.1.2.1. Galego

Lorenzo, R. (1986): "Un documento galego de 1482", *Verba*, 13, pp. 127-141.

Lorenzo, R. (1986): "Un documento galego de 1482", *Boletín auriense*, 14-15, pp. 251-261.

Lorenzo, R. (1991): "Un documento galego de 1466", in M. Brea / F. Fernández (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Universidade (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), pp. 361-385.

Lorenzo, R. (1996): "Documentos medievais do Mosteiro de San Munio de Veiga. Transcripción e comentario", *A Trabe de Ouro*, 25, pp. 103-117.

Lorenzo, R. (1997): "Documentos portugueses de Montederramo", in I. Castro (ed.): *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística : (Braga-Guimarães, 30 de Setembro a 2 de Outubro de 1996)*. Vol. II. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 135-156.

Lorenzo, R. (2002): "Un documento xurídico de 1430", in R. Lorenzo (coord.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), pp. 185-200.

##### 1.1.2.2. Portugués

Lorenzo, R. (2009): "Edición e comentario dun documento do Mosteiro de Montederramo de 1247", in G. Lanciani / M. Brea (coord.): *POLA MELHOR DONA DE QUANTAS FEZ NOSTRO SENHOR. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 349-354.

Cardoso, W. / Cunha, C. (1978): *Estilística e Gramática histórica. Português através de Textos*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.

##### 1.1.2.3. Castelán

Alarcos Llorach, E. (1979): "Bases para un comentario diacrónico (fonético y fonológico)", in E. Alarcos et alii: *Comentarios lingüísticos de textos*. I. Valladolid: Universidad de Valladolid, pp. 7-18.

Ariza Viguera, M. (1998): *El comentario filológico de textos*. Madrid: Arco Libros.

Cano Aguilar, R. (1991): Análisis filológico de textos. Madrid: Taurus.

Cano Aguilar, R. (1998): El comentario filológico de textos medievales no literarios. Madrid: Arco Libros.

Cano Aguilar, R. (2000): Introducción al análisis filológico de textos. Madrid: Castalia.

Marcos Marín, F. (1979): "Comentario morfológico y sintáctico de un texto medieval", in E. Alarcos et alii: Comentarios lingüísticos de textos. I. Valladolid: Universidad de Valladolid, pp. 71.106.

Marcos Marín, F. (1996): El comentario filológico con apoyo informático. Madrid: Síntesis.

Montero Cartelle, E. (1998): "Comentario filológico de un texto de la "Estoria de España", in Castro, I. / Fernández, G. (eds.): El comentario de textos. Málaga: Universidad de Málaga, pp. 15-35.

Sánchez-Prieto Borja, P.: (1991/5): Textos para la historia del español, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá, 2 vols. (I: Reproducción facsímil, transcripción paleográfica, presentación crítica y comentario lingüístico de documentos medievales y de los siglos XVI y XVII; II: Archivo municipal de Guadalajara).

Urrutia, H. / Segura, S. / Pueyo, F.J. (1995): Comentario filológico-lingüístico de textos castellanos. Bilbao: Universidad de Deusto.

VV.AA. (1997): El análisis textual. Comentario filológico, literario, lingüístico, sociológico y crítico. Salamanca: Colegio de España.

#### 1.1.2.4. Francés

Batany, J.(1968): Français médiéval. Commentaires linguistiques, commentaires littéraire, chronologie phonétique. Paris: Bordas.

Raynaud de Lage, G. (1969): Manuel pratique de l'ancien français. Paris: Picard.

#### 1.1.2.5. Linguas románicas

Bec., P. (1970/71): Manuel pratique de philologie romane. 2 vols. Paris: Picard.

#### 1.1.2.6. Latín

Neto, S. da Silva (19563): Fontes do latim vulgar (o Appendix Probi). Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.

Norberg, D. (1968): Manuel pratique de latin médiéval. Paris: Picard.

### 1.1.3. Obras con capítulos dedicados ao comentario filolóxico

#### 1.1.3.1. Portugués

Vasconcelos, C. M. de (1946): Lições de filologia portuguesa (seguidas das Lições práticas de português arcaico). Lisboa: Dinalivro, especialmente pp. 331-429.

#### 1.1.3.2. Castelán

Lathrop, T.A. (1984): Curso de gramática histórica española. Barcelona: Ariel, especialmente pp. 225-334.

Urrutia, H. / Álvarez, M. (1983): Esquemas de morfosintaxis histórica del español. Bilbao: Publicaciones de la Universidad de Deusto, especialmente pp. 313-45.

#### 1.1.3.3. Occitano

Mok, Q.I.M. (1977): Manuel pratique de morphologie d'ancien occitan. Muiderberg: Dick Coutinho.

#### 1.1.3.4. Latín

Grandgent, C.H. (1963<sup>3</sup>): Introducción al latín vulgar. Madrid: C.S.I.C.

## 2. Repertorio de fontes textuais

### 2.1. Idade Media

#### 2.1.1. Obras de creación

##### 2.1.1.1. Verso

###### 2.1.1.1.1. Século XII:

- Descort plurilingüe (DPRV) (Raimbaut de Vaqueiras) [1199]: Tavani, Giuseppe (1984/85): "Per il testo del discordo plurilingue di Raimbaut di Vaqueiras", *Romanica Vulgaria Quaderni*, 8/9, pp. 117-147.

###### 2.1.1.1.2. Século XIII:

- Cantigas de Santa María (CSM) (Afonso X) [1264-1284]: Mettmann, Walter (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).
- Cantiga de Valcavado (CV) (Afonso X) [1250-1300]: Fidalgo, Elvira / Xavier Varela (eds.) (2009): "Achegas para unha nova edición da *Cantiga de Valcavado*", in E. Corral / L. Fontoira / E. Moscoso (eds.): *A MI DIZEN QUANTOS AMIGOS EY. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 145-154.
- Us castellans (UC) (Raimón Vidal de Besalú) [1170-1220]: Miranda, José Carlos Ribeiro (2004): **Aur mesclatz ab argen**. *Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Edições GUARECER, p. 195.

###### 2.1.1.1.3. Séculos XIII-XIV:

- Lírica profana galego-portuguesa (LP) (VVAA) [1190-1354]: Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica*. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro".
- Lírica profana galego-portuguesa: Apéndices (LPa) (VVAA) [1200-1500]: Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", pp. 993-1002.

###### 2.1.1.1.4. Séculos XIV-XV:

- Cancioneiro galego-castelán (CGC) (VVAA) [1350-1450]: Polín, Ricardo (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos).

##### 2.1.1.1. Prosa

###### 2.1.1.1.1. Literaria e técnica

###### 2.1.1.1.1.1. Século XIII

- Cantigas de Santa María: Pauta (CSMp) (Afonso X) [1264-1284]: Mettmann, Walter (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 [Vol. 1, pp. 37-99].
- Cantigas de Santa María: Rúbricas (CSMr) (Afonso X) [1264-1284]: Mettmann, Walter (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).

###### 2.1.1.1.1.2. Século XIV

- Arte de trovar (AT) (Anónimo) [1300-1354]: Tavani, Giuseppe (ed.) (1999): *Arte de trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. Introdução, edição crítica e fac-símile*. Lisboa: Edições Colibri.
  - Rúbricas dos cancioneiros profanos galego-portugueses (LPr) (Anónimo) [1350-1354]: Lagares, Xoán Carlos (ed.) (2000): *E por esto fez este cantar. Sobre as rúbricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- 2.1.1.1.2. Documental (séculos XIII-XVI)
- Coleccións documentais e documentos soltos da Idade Media: Conxunto de obras incluídas na páxina informativa do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (<http://ilg.usc.es/tmilg/obras.html>).
- 2.1.2. Obras de tradución (prosa)
- 2.1.2.1. Do castelán
- 2.1.2.1.1. Séculos XIII-XIV (xurídica)
- Partidas (Afonso X):
    - Primeira Partida (fragmento) (PP) (Afonso X) [1301-1340]: Askins, Arthur L-F. / Avenoza, Gemma / Dias, Aida Fernanda / Pérez Pascual, José Ignacio / Sharrer, Harvey (eds.) (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)", *Revista de Literatura Medieval*, IX, pp. 9-43. [é un fragmento da Primeira Partida . Está nas pp. 32-33].
    - Terceira Partida (A) (fragmento) (TP) (Afonso X) [1300-1320]: Pensado, José Luis (ed.) (1974/1975): "Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29 (87-88-89), pp. 102-129. [O texto está nas pp. 128-129].
    - Terceira Partida (B) (fragmento) (TPb)) (Afonso X) [1300-1350]: Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): "Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio", in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 104-109.
    - Terceira Partida (C) (fragmento) (TP2) (Afonso X) [1325-1375]: Askins, Arthur L-F. / Avenoza, Gemma / Dias, Aida Fernanda / Pérez Pascual, José Ignacio / Sharrer, Harvey (eds.) (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)", *Revista de Literatura Medieval*, IX, pp. 9-43. [O texto está nas pp. 33-39].
    - Cuarta Partida (A) (CuP) (Afonso X) [1300-1350]: Avenoza, Gemma (ed.) (1995): "Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*", *Romance Philology*, XLIX, 2, pp. 119-129. [O texto está nas pp. 125-128].
    - Cuarta Partida (B) (fragmento) (CuPb (GHCD)) (Afonso X) [1275-1300]: Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): "Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio", in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 4-13.
    - Cuarta Partida (C) (fragmento) (CuPc (GHCD)) (Afonso X) [1380-1420]: Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): "Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio", in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 109-116.
    - Quinta Partida (fragmento) (QP (GHCD)) (Afonso X) [1375-1410]: Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): "Fragmento de una versión gallega del Código de

Las Partidas de Alfonso el Sabio", in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 116-129.

- Sétima Partida (fragmento) (SP (GHCD)) (Afonso X) [1350-1400]: Oviedo Arce, Eladio (ed.) (1901): "Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio", in López Ferreiro, Antonio (ed.): *Galicia Histórica. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica, pp. 129-135.

#### 2.1.2.1.2. Século XIV

##### 2.1.2.1.2.1. Histórica

- Crónica Xeral e Crónica de Castela (TC) (VVAA) [1295-1312]: Lorenzo, Ramón (ed.) (1975, 1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de ---. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo".
- Xeral Historia (XH) (Afonso X) [1300-1330]: Martínez López, Ramón (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial*. Oviedo: Publicacións de Archivum. [Incorpora as correccións de R. Lorenzo e X. L. Couceiro (*Homenaxe a Camilo Flores e Homenaxe a Xesús Alonso Montero*)].

##### 2.1.2.1.2.2. Literaria

- Crónica troiana (CT) (Benoît de Saint-Maure) [1370-1373]: Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".
- Historia troiana (HT) (Î de Saint-Maure) [1350-1400]: Parker, Kelvin M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Edición e introducción de -. Santiago: Instituto "Padre Sarmiento". [Incorpora as correccións de R. Lorenzo (*Verba*, 9, 1982)].

##### 2.1.2.1.2.3. Xurídica

- Foro Real (fragmento) (FR) (Afonso X) [1290-1350]: Pensado, José Luis (ed.) (1974/1975): "Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29 (87-88-89), pp. 102-129. [O texto está nas pp. 122-123].
- Flores de Dereito (fragmento) (FD) [1290-1350]: Pensado, José Luis (ed.) (1974/1975): "Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29 (87-88-89), pp. 102-129. [O texto está nas pp. 123-128].
- Glosas de textos legais (fragmento) (GTL) (Anónimo) [1301-1350]: Askins, Arthur L-F. / Avenzoa, Gemma / Dias, Aida Fernanda / Pérez Pascual, José Ignacio / Sharrer, Harvey (eds.) (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)", *Revista de Literatura Medieval*, IX, pp. 9-43. [O texto está nas pp. 39-41].
- Ordenamento de Alcalá de Henares (fragmento) (OA) (Anónimo) [1348-1350]: Askins, Arthur L-F. / Avenzoa, Gemma / Dias, Aida Fernanda / Pérez Pascual, José Ignacio / Sharrer, Harvey (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)", *Revista de Literatura Medieval*, IX, pp. 9-43. [O texto está nas pp. 26-28].

##### 2.1.2.2. Do latín (século XV)

- Miragres de Santiago (MS) (Anónimo) [1390-1420]: Lorenzo, R. (2004): *Miragres de Santiago = Milagres de Santiago = Milagros de Santiago*. Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas.
- Tratado de Alveitaría (TA) (Jordanus Ruffus de Calabria) [1409-1420]: Pensado Tomé, José Luis (ed.) (2004): *Rufus, Jordanus: Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a

imprensa e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades.

- Crónica de Santa María de Iria (CI) (Rui Vasques) [1460-1468]: Souto Cabo, José António (ed.) (2001): *Crónica de Santa María de íria*. Estudo e edición de ---. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edición do Castro.

#### 2.1.2.3. Do francés (século XIV)

- Livro de Tristán (fragmento) (LT) (Luce del Gat / Hélie de Boron) [1350-1375]: Pensado, José Luis (ed.) (1962): *Fragmento de un "Livro de Tristán" galaico-portugués*. Anexo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago: Instituto P. Sarmiento de Estudos Gallegos (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).

### 2.2. Idade Moderna

#### 2.2.1. Séculos XVI-XVII

- Cartas ao conde de Gondomar [1596-1619]: Álvarez, R. / X.L. Rodríguez (2004-2005): "Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar (1567-1626) (I) e (II)", *Boletín da Real Academia Galega*, 365, pp. 253-291; 366, pp. 225-303.
- Historia de don Servando [1625-1635]: Souto, J.A. (2007): *A Historia de don Servando*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos.
- Contenda dos labradores de Caldelas [1671]: Mariño, R. (1997): "Edición do 'Entremés famoso sobre a pesca do río Miño' (1671)", Ensaio, revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal, 1 [s.p.].

#### 2.2.2. Século XVIII

- Coloquio de vinte e catro galegos rústicos [1746]: Mariño, R. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de --. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Romance de María Francisca de Isla y Losada ao Cura de Fruíme [1774-1777]: Mariño, R. (2007): "Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao Cura de Fruíme (ca. 1774-1777)", *Revista Galega de Filoloxía*, 8, pp. 57-98.

### 3. Paleografía e crítica textual

Blecua, Alberto (1983): *Manual de crítica textual*. Madrid: Castalia.

Floriano Cumbreño, A. (1946): *Curso general de paleografía y diplomática españolas*. Oviedo.

Millares Carlo, A.: *Tratado de paleografía española*. Madrid.

Petrucchi, Armando (2003): *La ciencia de la escritura. Primera lección de Paleografía*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Stiennon, J. (1973): *Paléographie du Moyen Âge*. Paris.

VV.AA. (1977): *Manual de paleografía y diplomática*. Madrid: UNED.

## 6. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

Especificanse a seguir as metodoloxías que se seguirán en cada un dos tres tipos de actividades presenciais que están programadas.

### 6.1. Sesións expositivas

Nestas sesións o profesor impartirá os coñecementos teóricos e metodolóxicos constitutivos da esencia desta materia. As exposicións consistirán na explicación teórica dos fundamentos metodolóxicos e na súa aplicación a textos de toda tipoloxía e cronoloxía dentro do ámbito da Idade Media e da Idade Moderna.

## 6.2. Sesións interactivas

Nestas sesións realizaranse (ou presentaranse) de maneira interactiva comentarios de textos das dúas épocas consideradas. Faranse seguindo a liña cronolóxica e atendendo os catro grandes apartados do comentario. Recibirán atención especial os sete subapartados do comentario. Estas sesións ocuparán as dúas terceiras partes do curso e nelas buscarase un reparto proporcional das obras e coleccións na súa presenza, consonte o seu grao de importancia. Sobre textos propostos polo profesor, os alumnos elaborarán catro comentarios e expoñeranos (total ou parcialmente) nestas sesións interactivas.

## 6.3. Tutorías programadas

As datas das dúas tutorías programadas serán fixadas entre o profesor e os alumnos. Estas tutorías dedicaranse a orientar os alumnos sobre algúns aspectos fundamentais da paleografía e da crítica textual. Deberán realizar dous breves traballos sobre algún dos capítulos das seguintes obras:

- Ferreiro, Manuel / Carlos Paulo Martínez Pereiro / Laura Tato Fontaiña (eds.) (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval = Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade da Coruña. [<http://www.udc.es/publicaciones/documentos/biblioteca/NormaEdicionPoesiaTF.pdf>.] Reproducido en: *A edición da poesía trobadoresca en Galiza*. A Coruña: Baía, 2008.
- Lorenzo, Ramón (1988b): "Normas para a edición de textos medievais galegos", en Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trier, 1986)*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 6, 76-85.
- Petrucci, Armando (2003): *La ciencia de la escritura. Primera lección de Paleografía*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.
- Sánchez-Prieto Borja, Pedro (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*. Madrid: Arco Libros.
- Tato Plaza, Fernando R. (1999): "Limiar", en *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (s. XV)*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 17-87.
- VV.AA. (1977): *Manual de paleografía y diplomática*. Madrid: UNED.

Os alumnos entregaránlle ao profesor unha recensión do traballo lido que non teña unha extensión superior aos 3 folios escritos con interliñado sinxelo e letra de corpo 12.

## 7. Avaliación

### *Sistema presencial*

Poderano seguir unicamente aqueles alumnos que cumpran cos requirimentos de presencialidade que establece a normativa da USC.

O carácter marcadamente práctico da materia aconsella unha planificación do traballo na que xoga un papel esencial a participación continuada do alumno na aula. Esta actividade constituirá o 20% da cualificación final e consistirá basicamente na participación activa no desenvolvemento espontáneo das aulas e, máis concretamente, na preparación e posterior presentación oral na aula de comentarios ou aspectos dos comentarios realizados individualmente. Será o complemento da actividade principal, consistente na realización e entrega –antes da data do exame oficial– de catro probas escritas que se espaciarán convenientemente no desenvolvemento do curso. Nelas realizarase o comentario lingüístico de tres textos medievais de distinta tipoloxía e cronoloxía (1 en verso e 2 en prosa) e dun texto do período moderno.

Aqueles alumnos que non alcancen a suficiencia –ou que queiran aumentar a cualificación– coa realización das probas anteriores poderán presentarse ao exame final de carácter oficial que está establecido para o mes de maio de 2012, de acordo coas previsións da Xunta de Facultade.

### *Sistema non presencial*

É o previsto para os alumnos que non asistan ás aulas ou que o fagan sen cumpriren os requirimentos de presencialidade que establece a normativa da USC. Estes alumnos presentaranse ao exame final de carácter oficial que está establecido para o mes de maio de 2012, de acordo coas previsións da Xunta de Facultade. Consistirá no establecemento da versión interpretativa dun texto e do seu comentario lingüístico, a partir das edicións paleográfica e facsimilar (100% da cualificación).

Dado que os alumnos que cursan o Grao en Lingua e Literatura Galegas deben conseguir un perfecto dominio oral e escrito do idioma galego, nos traballos e exames penalizaranse as faltas de ortografía e os erros gramaticais, léxicos, etc. que se cometan. Tamén se penalizarán as incorreccións da expresión oral que se observen nas distintas intervencións que os alumnos fagan na aula.

## 8. Planificación das actividades

FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO
2 Sesión expositiva 1	1 Sesión interactiva	12 Sesión interactiva	3 Sesión interactiva		5 Exame
2	1	16	25		
2	1	12	3		

Sesión expositiva 2	Sesión interactiva 2	Sesión interactiva 17	Sesión interactiva 26		
3 Sesión expositiva 3	2 Sesión interactiva 3	13 Sesión interactiva 18	4 Sesión interactiva 27		
9 Sesión expositiva 4	8 Sesión interactiva 4	19 Sesión interactiva 19	10 Sesión interactiva 28		
9 Sesión expositiva 5	8 Sesión interactiva 5	19 Sesión interactiva 20	10 Sesión interactiva 29		
10 Sesión expositiva 6	9 Sesión interactiva 6	20 Sesión interactiva 21	11 Sesión interactiva 30		
16 Sesión expositiva 7	15 Sesión interactiva 7	26 Sesión interactiva 22	18 Sesión interactiva 31		
16 Sesión expositiva 8	15 Sesión interactiva 8	26 Sesión interactiva 23	24		
17 Sesión expositiva 9	16 Sesión interactiva 9	27 Sesión interactiva 24	24 Sesión interactiva 32		
23 Sesión expositiva 10	22 Sesión interactiva 10		25		
23 Sesión expositiva 11	22 Sesión interactiva 11				
24 Sesión	23 Sesión		28 Exame		

expositiva 12	interactiva 12				
	29 Sesión interactiva 13				
	29 Sesión interactiva 14				
	30 Sesión interactiva 15				

### 9. Distribución da carga horaria das actividades

<b>Actividades presenciais</b>	<b>Horas</b>	<b>Actividades non presenciais</b>	<b>Horas</b>
Clases expositivas	12	Estudo	60
Clases interactivas	32	Preparación das sesións interactivas	20
Tutorías programadas	2	Lecturas	10
Exames	4	Preparación de exames	10
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>		<b>100</b>